



## INSTRUCCIÓN SOBRE A ASISTENCIA DOS/AS ASPIRANTES AOS EXERCICIOS DAS PROBAS SELECTIVAS (MÉDICO/A DE FAMILIA E ENFERMEIRO/A).

O sábado 23 de xaneiro realizaranse os exercicios correspondentes aos procesos de selección de persoal estatutario fixo, das categorías de médico/a de familia e enfermeiro/a, convocados por resolucións deste centro directivo do 10 de decembro de 2014 (DOG n.º 242, do 18 de decembro).

A normativa de aplicación prevé a concesión de permisos retribuídos para concorrer a exames e probas selectivas, no ámbito do emprego público, durante os días da súa realización.

Porén, e coa finalidade de facilitar a asistencia ás referidas probas dos/das aspirantes que prestan servizos nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde e nas entidades adscritas á Consellería de Sanidade, procede que as respectivas xerencias e entidades adopten, con base nas súas competencias, as medidas oportunas en orde a procurar que os/as aspirantes admitidos non teñan asignada actividade o día de celebración do exercicio.

Para estes efectos, entenderase por día de celebración do exercicio o período que comprenda a xornada, quenda de traballo ou garda coincidente total ou parcialmente co horario da proba, a quenda anterior e a quenda posterior que se inicie o mesmo día.

Xa que logo, e de ser posible a adopción das citadas medidas, non concorrería o suposto de feito habilitante para a concesión dun permiso retribuído. En calquera caso, e de resultar necesaria a concesión deste, a súa duración entenderase nos mesmos termos do parágrafo anterior.

**Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2016.**

**A directora xeral de Recursos Humanos**



**Margarita Prado Vaamonde**

**ESTRUTURAS ORGANIZATIVAS DE XESTIÓN INTEGRADA  
ENTIDADES SANITARIAS PÚBLICAS**